

A IX KDD BTT DOS CALLOS, rexerase a través do seguinte regulamento que é de obrigada lectura e aceptación por parte de todos os participantes.

INTRODUCCIÓN:

A asociación xuvenil "Nós Somos Nós" ten o pracer de presentar o "IX BTT DOS CALLOS 2023".

O prezo, se vos inscribides pronto hai importantes descontos, dende o 15/11/2022 ata o 30/11/2022 a inscrición custará 12€. A partires das 23:59 do 30/11/2022 ata o 24/12/22 o prezo da inscrición será de 15€. Por último, a partires das 23:59 do 24/12/22 ata o 02/01/23 o prezo da inscrición será de 18€.

A inscrición da dereito, ademáis da participación no evento, ao seguinte

- Unha tapa de callos, pan e viño tinto.
- Seguros de RC e Asistencia Sanitaria.
- 2 avituallamento sólido e líquido no durante o percorrido.
- Servizo de duchas.

1. A IX KDD DOS CALLOS realizarase o 8 de Xaneiro do 2023 con hora de saída as 9:15h.
2. A idade mínima para a ruta BTT é de 15 anos e até os 18 anos necesitarán a autorización do pai, nai ou titor legal.
3. Os participantes menores de 18 anos deben ir acompañados por unha persoa responsable e presentar unha autorización do pai, nai ou titor legal asinada.
4. A kedada non é un evento competitivo. Os participantes deben manter o ritmo que marque o grupo de cabeza e respectar os reagrupamentos establecidos.
5. Os participantes deben ter o nivel necesario para participar nun percorrido de aproximadamete 35 km polo monte, de dificultade física e técnica media.
6. O uso do casco é obrigatorio. Calquera participante que non faga uso deste, será expulsado da kedada inmediatamente.
7. Cada participante debe traer as pezas necesarias para resolver unha avería: cámaras, bombín, etc.

8. Aínda que o percorrido estará debidamente sinalizado, o participante é o único responsable de cumprir coas directrices da organización e disposicións da Lei de Seguridade Vial.
9. Queda terminantemente prohibido tirar lixo ao chan.
10. A taxa de inscrición non é reembolsable.
11. A participación non será permitida a calquera persoa non rexistrada.
12. A inscrición pecharase o 2/01/2023 ás 23:59, existindo a posibilidade dun prezo reducido até 24/12/2022 ás 23:59.
13. A organización resérvase o dereito de modificar todo sobre itinerarios, horarios, reagrupacións, etc.
14. Asistencia máxima de 300 participantes para a ruta BTT.
15. Ao inscribirse para esta proba asúmese a aceptación destas normas e renuncia a calquera alegación contra a organización.
16. Os dorsales entregaranse o día 7/01/23 no lugar de saída no seguinte horario: 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 20:00 e no propio día a partires das 7:30 a 8:30.

En Salceda de Caselas, a 5 de Outubro de 2022

Asdo: Paula Fernández Rodríguez